

DULCE M<sup>a</sup> GARCÍA MELLA, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno na sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2021, aprobou a proposta de modificación dos límites aplicables aos prezos públicos nos cursos do programa de formación específica e a demanda, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación en Santiago de Compostela, co V<sup>o</sup> e Prace do sr. reitor.

V<sup>o</sup> e prace

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Modificación dos límites aplicables aos prezos públicos dos cursos do programa de formación específica e a demanda

### Réxime xurídico aplicable

O artigo 19.1º do “Regulamento de estudos propios e formación permanente da USC” dispón que “O Consello Social aprobará, a instancias do Consello de Goberno, o prezo mínimo e máximo por crédito nos cursos propios. Non será precisa a aprobación expresa nos cursos académicos nos que non varíe o fixado no anterior”.

O anterior “Regulamento de estudos propios de posgrao e formación continua da USC”, de 2015, contiña unha previsión semellante, no artigo 18. Malia que o precepto se refería só ao prezo máximo, aprobábase tamén un prezo mínimo por crédito.

Os límites vixentes aos prezos públicos de matrícula nos estudos propios son **20 euros por crédito**, como **mínimo**, e **100 euros por crédito**, como **máximo**. Nos últimos anos non houbo modificación destes importes.

Ditos límites viñan sendo aplicables, dende a súa creación e implantación en 2018, aos cursos do programa de formación específica e a demanda, contemplados no artigo 7 do vixente Regulamento.

### Proposta de modificación

- Nos cursos de formación específica non será de aplicación o prezo mínimo por crédito fixado para os estudos propios.
- Nos cursos de formación a demanda de menos de 15 alumnos non será aplicable o prezo máximo por crédito establecido para os estudos propios, sen prexuízo do límite retributivo por hora de docencia do profesorado.

### Xustificación da modificación

Os **cursos de formación específica** son cursos breves organizados por un centro, departamento, grupo de investigación, cátedra institucional ou servizo da USC, que pode seleccionar aos alumnos entre os dun colectivo determinado, sen necesidade de ter matrícula aberta en xeral (aínda que pode tela). Poden ser financiados con recursos propios (contratos, proxectos, etc.) e/ou co prezo de matrícula que pague o alumnado. É preciso que os organizadores poidan ter liberdade para fixar o prezo de matrícula, segundo os destinatarios, e mesmo que poidan ser ofertados de balde, como parte de compromisos docentes asumidos polo profesorado con entidades externas que lles acheguen recursos económicos puntual ou periodicamente.

Os **cursos de formación a demanda** son organizados para satisfacer as necesidades específicas de formación dunha entidade ou institución externa á USC, a petición desta, e para os seus empregados, bolseiros, socios, asociados ou colexiados. Cando o número de alumnos é moi pequeno, a formación especializada requirida pode ter un custo superior á cantidade fixada como prezo máximo por crédito para os estudos propios. Cantos menos alumnos teña o curso, máis persoal é a formación impartida e

máis valor ten. É preciso dotar de flexibilidade á fixación de prezo dun curso destas características en función do número de alumnos, tipo de formación (teórica ou práctica), necesidade de utilización de laboratorios ou outras instalacións complexas ou tecnoloxías especializadas da USC, beneficio económico obtido pola entidade externa da formación dos seus traballadores, etc. Isto non é obstáculo para que sexa igualmente aplicable a estes cursos a limitación xeral para a retribución da docencia do profesorado nos cursos propios (actualmente, 120 euros por hora), que indirectamente incidirá no prezo global do curso.

## Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/06/2021 14:09:37.

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 31/05/2021 21:40:22.

**CSV:** 32AA-8A1A-42D2-8CFF